

O home que sempre nos uniu

Non era fácil á altura de 1976 e 1977, cun futuro incerto que agora sabemos ler pero daquela estaba por construír, atopar no camiño personaxes como Francisco Carballo. Foi decisivo. Decisivo porque a corrente de persoas que alimentaba a defensa de Galiza e a presión da mudanza política apenas tiña conexión directa e coñecemento do pasado democrático e contaba cunha media de idade que apenas rozaba os vinte e moi poucos anos. Carballo, con tres décadas máis no lombo, conectou porque na súa convicción vital, ligada a escollas éticas, políticas e relixiosas, a idea de transmisión foi sempre unha constante.

Carballo soubo situarse en igualdade a calquera que se lle achegaba. Lonxe de imporse, dábase. Con sorriso, con palabras didácticas e con capacidade de sumarse ao esforzo e asumir responsabilidades. Sen facheira nin darse importancia, el, que puido ser tantas cousas, mesmo bispo, decidiu tomar un camiño coherente coa súa convicción de galego de nación que xogaba a súa sorte cos pobres da terra. Por iso sementaba a simpatía e en paralelo inspiración intelectual e curiosidade constante. Compartimos conviccións e tarefas en común e tócame lembrar algúns aspectos da súa constante presenza nesa chaira ampla que chamamos acción cultural e que nel toca, entre outros terreos, a investigación histórica, a creación de medios de expresión ou o asociacionismo cultural.

Con Carballo compartín moi de cerca as tres funcións. Primeiro na Asociación Cultural de Vigo e despois en *A Nosa Terra*. Fixo todo con determinación, sabendo en cada momento que corda pulsar, coa experiencia acumulada do mestre que foi desde moi novo e que, como tantos outros compañeiros seus, sacerdotes, viviran con ilusión desbordante o momento clave do Concilio Vaticano II, unha auténtica revolución interna, que Carballo explicou demoradamente en moitos textos e no libro de *Conversas* que fixemos en 2002.

Aquel Concilio decisivo, de onda longa, fixo decidir a moitos deles sobre a dirección que debía tomar a súa vida. Carballo explicábao en termos de acción política e de inculturación, unha palabra constante no seu vocabulario cívico que interpretou máis alá da teoría.

Nada máis chegar a Vigo, contaba, incorporouse aos sindicatos e as organizacións clandestinas do nacionalismo (UTEG, SOG, AN-PG...) e axiña se apuntou tamén na Asociación Cultural, da que despois foi presidente durante sete anos, e na que xunto a Xosé Lois Ruíz como secretario e outro fato de entusiastas que el conseguía levar, fíxolle dar un salto adiante. Son anos de pulo do asociacionismo no que miles de persoas se ensarillan no coñecemento directo do país, coas excursións de "Coñecer Galicia", en moitas das que Carballo era guía, ou nos que se compuxo un Grupo de Audiovisuais que viaxou cos seus proxectores de Ribadeo a Tui e do Ferrol ao Barco de Valdeorras explicando a miles de persoas, dun xeito pedagóxico e atractivo, tanto a *Historia de*



Participación de Francisco Carballo nunha campaña para a galeguización dos topónimos.

<<El, que puido ser tantas cousas, mesmo bispo, decidiu tomar un camiño coherente coa súa convicción de galego de nación que xogaba a súa sorte cos pobres da terra>>

Galicia como a vida e a obra de Rosalía de Castro.

Neses anos, nos que Carballo tamén era candidato electoral do nacionalismo, sae adiante o primeiro manual de *Historia de Galicia*, editado pola Fronte Cultural da AN-PG, de autoría colectiva (Barreiro, Filipe Senén, Anselmo López Carreira e o propio Carballo). Ademais de ter un impacto asombroso (incluído o secuestro da edición e o procesamento de Carballo por afirmarse que a morte en Ferrol de Xosé Ramón Reboiras fora un asasinato), serviu de semente nun emprendemento que foi outra das súas paixóns: a investigación histórica e a súa divulgación.

Sostiña que un investigador tiña que ser rigoroso, pero que de nada servía a acumulación de saberes se non se daban a coñecer. Pasado o tempo, xa en Edicións *A Nosa Terra*, deulle nova forma a esa aventura científica e cultural, no grupo de investigación que retomou o espírito daquel volume inicial. Entre outros con Bieito Alonso, Dionisio Pereira, Anselmo López Carreira e co noso querido, inesquencido e tamén de sorriso engaiolante Lois Obelleiro, teceron aquela tarefa que tanto o enorgullecía e na que aportou saber e capacidade, alén de numerosos textos que permanecen vivos a actúantes. *Historia da Igrexa galega*, biografías de Sarmiento ou Alexandre Bóveda, manuais de divulgación... foron anos intensos dun sempre mozo Carballo, aquel home que pensabamos que nunca desaparecería.

E finalmente, por pechar o círculo deste percorrido, participa na constitución de Promocións Culturais Galegas. Era o ano 1977, e iniciábase unha singradura de 33 anos na que, en todo momento, Francisco Carballo foi parte do esqueleto central e do cerebro. Foino naquel momento primeiro e aínda máis cando o naufraxio da empresa en 1981. Co seu impulso e o de Afonso Eiré, Xaquín Acosta e outras moitas persoas, alentou de novo en Vigo e prolongou a exitosa andaina dun proxecto que se multiplicou en editorial e avanzou outros 30 anos.

Seguro que pagou peaxes por ser home libre en busca dunha terra libre. Pero foi fiel á súa constante idea de avanzar innovando e sen perder o horizonte da práctica real. Estaba ao día, estudando de continuo, moderno, avanzando sincrónico co seu tempo até o alento final, sempre actual, sempre curioso. Botamos en falta o seu respirar.

Por Xan Carballa.
Xornalista